


Naturnova

Centro Interactivo de Educación Ambiental

Velázquez Moreno, 18-20. Vigo

Reserva: www.escolares.afundacion.org, naturnova@afundacion.org
ou 986 120 088/89

Descubre como é o mundo que nos rodea e o importante que é coidalo e conservalo! Nas diferentes salas temáticas de Naturnova podes descubrir o universo, o planeta Terra e o ser humano e o seu medio. Tocar unha nube, escoitar unha treboada, sobrevoar Galicia ou mover un tren grazas á enerxía solar son cousas que poderás facer sen saíres de Naturnova.



PROGRAMACIÓN CURSO 2017-18

DESCUBRINDO OS MISTERIOS DO SOL

1º a 3º de primaria. 75 min. Máx. 48 participantes

Aprende diferentes curiosidades do sol e estate moi pendente para resolver as dúbidas de Pintafontes.

ASTRO REI, O SOL

4º a 6º de primaria. 75 min. Máx. 48 participantes

Que sabes do sol? Como é o seu tamaño en comparación con outras estrelas e cos planetas do sistema solar? Como podemos facer un bo uso del?

DESAFÍO NATURNOVA

3º a 6º de primaria, ESO e bacharelato. 90 min. Máx. 65 participantes

Goza cos módulos interactivos do centro e resolve o desafío que che propón a nosa mascota Pintafontes.

ESPECIES INVASORAS EN GALICIA

5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato. 90 min. Máx. 32 participantes

Coñecemos as especies invasoras en Galicia e os problemas que causan nos nosos ecosistemas. Que podemos facer nós?

Contesta todas estas preguntas visitando o noso centro interactivo!

CONDICIÓN DE RESERVA

- A través de www.escolares.afundacion.org, por correo-e a naturnova@afundacion.org ou no 986 120 088.
- Datas e horario a convir.
- Indicar, en observacións, o nome da actividade que se solicita; se non, considerarase unha Visita interactiva.
- Revisar os requisitos de cada actividade.
- Cada centro poderá reservar para tantos grupos como desexe.
- Máis información e material didáctico en www.naturnova.afundacion.org



A túa opinión conta!
afundacion.org

//Afundación

Obra Social ABANCA